

# ANPA Xermolos



Co gallo do día mundial da bicicleta, queremos facervos partícipes dunha xornada na que a bicicleta é a protagonista.

Con esta actividade queremos concienciar á poboación de Arzúa dos beneficios dunha **mobilidade sostible** (aumentar o tempo de actividade física dos nosos nenos e nenas, coidar do medio natural reducindo a emisión de CO<sub>2</sub>, facer da nosa contorna un entorno máis amable, aumentar a autonomía do alumnado, ofrecer alternativas o tempo de ocio...)

Esta actividade terá lugar o **venres 2 de xuño** e consistirá en ir a escola en bicicleta a primeira hora da mañá e volver a casa ao finalizar a xornada escolar (15:30 h).

Sairá unha ruta dende o parque de Santa María de Arzúa rumbo á escola pasando polo centro da vila, realizando diferentes paradas para que se poidan incorporar todas aquelas familias interesadas en participar nesta actividade.

O "Bicibús" sairá do parque de Santa María ás 09:15 horas para continuar pola Rúa da Calexa dirección ó Multiusos (no aparcadoiro do parque municipal) onde se fará unha parada para recoller a aquelas familias que queiran incorporarse. Ás 09:25 horas o "Bicibús" porase de novo en marcha percorrendo a rúa Fraga do Rei para finalmente chegar o CEIP Arzúa sobre as 09:40 h.

Este camiño farase á inversa o finalizar o horario escolar (15:30 h, despois do comedor).

Recordar que é imprescindible levar **casco e chaleco reflector**.

Na escola habilitarase unha zona onde se poden depositar as bicicletas. Recomendamos que estén correctamente etiquetadas co nome do propietario da mesma.

Contamos coa colaboración de Protección Civil, do CEIP de Arzúa e do Concello de Arzúa.

Para levar a cabo a actividade de forma segura precisamos saber que nenos/as e pais/nais participarán na mesma e o lugar da ruta na que se incorporarían. Para iso agradecemos que as familias que queiran participar cubran os datos que solicitamos a continuación e o entreguen as persoas titoras antes do mércores día 31 de maio:

Nome e apelidos do alumno/alumna participante: \_\_\_\_\_

Nome do pai-nai-representante legal do alumno/alumna: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

Lugar da ruta onde se incorporarían: \_\_\_\_\_

Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

A continuación deixámosvos un teléfono de contacto por si precisades resolver calquera dúbida que se vos presente:  
**641 59 02 24 (AMPA Xermolos).**

Unha vez teñamos todos os datos poñerémonos en contacto con vós para aclarar detalles da actividade.

Moitas grazas pola vosa colaboración e convidámosvos a participar nesta pequena iniciativa. **PEQUENAS INICIATIVAS, GRANDES CAMBIOS!!!!**